

MOBY DICK

[David Fernández & Jordi Vera, 2001]

ESTREA EN NUMAX: 25.05.2018 | V.O. | TP

Moby Dick (2001, 60')

Dirección: David Fernández, Jordi Vera

Guión: David Fernández, Jordi Vera

Música: La Lidia

Fotografía: Laura Sigon

Produtoras: David Fernández

Distribuidora: David Fernández

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

SINOPSE

O relato dunha busca imposible a través das incertas paisaxes da Barcelona postindustrial. Nela aparecen e desaparecen formas de vida difíciles de apreixar que nos aproximan a uns personaxes escorregadizos. Personaxes que mercadean con cascallos, rouban, xogan, transitan cárceres, fábricas abandonadas e feiras. Personaxes que dispoñen de tempo abondo para posar diante dunha cámara estenopeica, pero que non poden ficar parados, polo que a súa imaxe se revela sempre borrosa.

«*Moby Dick* paréceme un filme á medida do seu título, que se se tivese visto no seu momento podería ter sido o que, poñamos, *Historias extraordinarias* foi para o cinema arxentino»

Manuel Asín



“Poblenou é o Oeste, un espazo sen lei”

Entrevista con David Fernández
Por Antonio Trullén

Podemos comezar polo principio: que foi primeiro? Coñecemos ao que sería a banda de Moby Dick na rodaxe dunha TV Movie onde eu me encargaba das localizacións e da dirección artística. Facendo esas localizacións fomos parar á fábrica RAM abandonada, onde eles vivían. Como se dedicaban ao entullo, pedinlles que me botasen unha man cos decorados e así nos fomos coñecendo.

No filme hai moitos saltos temporais, pero nunca tes esa sensación unívoca de recoñecer un flashback ao uso. Había unha vontade clara de confundir os tempos? Máis que de confundilos, de tecelos. Mesturar os distintos niveis temporais, poñelos en colisión. Estaba a intención de que puideras construír máis ou menos unha cronoloxía dos acontecementos, pero unha cronoloxía sen datas! Iso é algo que me gusta. Iso de construír unha grella temporal clara e coherente nunca me interesou. Non traballo con datas. É básico poder desligar as temporalidades narrativas das temporalidades históricas para poder

construír outros tipos de tempos que sexan propios do relato. A película ou a historia non pode ser un substituto da realidade. Non impoñemos unha historia como se fose a Historia oficial.

(...) Chegou un momento en que nos bloqueamos ao negociar os esquemas en relación á historia real do acontecido. Aquel bloqueo obrigoume a explicar a miña visión da maneira menos enmarañada posíbel: «Para min isto é un western. Valdivia, Caparrós, MobyDick, toda esa xente son bandidos. Poblenou é o Oeste, un espazo sen lei...». Para min todo é western. O que saíu de aí, en todo caso, foi esa necesidade imperiosa de construír unha cartografía da ficción que queríamos contar.

Pero o sorprendente é que no filme esa idea de western non parece imposta, senón que dá a impresión que agroma da propia realidade. Cando Valdivia fala da súa convivencia cos xitanos di: «eramos unha tribo india, viñeron os malos e botáronnos»... Evidentemente, non nos puxemos exquisitos, non tiramos cara á novela cabaleiresca. Tiramos cara ao western, un xénero que culturalmente supón un pouso moi importante para calquera persoa do século xx. Se tivéssemos tirado cara á novela cabaleiresca, iso non nos tería servido de patrón para nada. O western é o patrón que nos servía para construír as cousas, pero en ningún momento pretendemos que os espectadores que fosen ver o filme recoñecesen un western. De feito, *Moby Dick*, a nivel de estrutura argumental, tamén se alimenta doutras cousas. Por

exemplo, copiamos a estrutura narrativa de *El Corazón de las tinieblas*, que non é un western.

Conrad sería a liña narrativa e o western sería o espazo que cruza esa liña. Digamos que o western é o que permitiu cartografar o relato, construír un espazo, adxudicar a cada personaxe un rol dentro dese territorio: os bandidos, os que están fóra da lei, a cabaleiría que é a *pasma* que chega ao final, os indios que son os xitanos, etc. Logo, o fío argumental está máis preto de *El Corazón de las tinieblas* e tamén do século de ouro español, da novela picaresca e de Cervantes. A outra referencia que tiñamos en mente e que puxemos sobre o papel, é o *Moby Dick* de Melville. O capitán Ahab, quen sería? Pois posibelmente sería eu, o meu personaxe no filme, así como Ishmael sería Valdivia. Ocorren cousas documentalmente moi interesantes cos xitanos, pero el desprézaas porque busca a Moby Dick. Ou alguén lle conta non sei que moi interesante, e el desprézao porque busca a Moby Dick. De feito, hai algunhas citas moi forzadas no filme. Por exemplo, a película está chea de pernas perdidas. O relato agárrase a calquera persoa que perde a perna por culpa de Moby. Moby é como o demiurgo das pernas perdidas. Nese sentido, a película é máis *Moby Dick* que *Moby Dick*, e iso é un xogo que está moi asumido respecto á novela de Melville.

Publicado en www.elumiere.net
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Moby Dick, Herman Melville
Sexto Piso, 2015

El corazón de las tinieblas, Joseph Conrad
RBA, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**